

GÓMEZ VILABELLA, Xosé M^a, *Sentenzas, fías e ruadas na bisbarra de Castroverde, Pol e Baleira.*

Sermón na Corrida do Campo do Val

ca. 1930-31

El

¡Boas! Desexo lles vaia ben - a toda esa familia.
Por aló, gracias a Dios, - comer comen de perilla.

Ela

Has de contar a verdá: - comían ben se tiveran,
quiste ano a debilidá - deulles moita faterna.

El

¿Xa preguntais de onde son? - Mui pronto volo direi:
Son da provincia de Lugo, - nativo de Castro do Rei.

Ela

¡Eso é o que ti dis, trampán! - Non seas un canalla,
que ti naciches tras da pota, - aló cerca de Baralla.

El

Eu vinme moi comprometido - cando me foron chamar,
que tiña dado palabra - para ese pueblo de Ansemar.

Ela

Nunca naide te chamou,- non te fagas de rogar,
que xa o contaron por aló - os veciños do lugar.

El

Ó saír de Castro de Rei - encontrei dous compañeiros
para facerme compañía - hastra chegar a Torneiros.

Ela

Eso si que foi verdá. - Atrancándolle o camiño,
hastra chegar a Torneiros - viñéronvos dous pollinos.

El

Desde que saín de Torneiros - hastra os muíños de Pol,
non vos puiden descansar: - a pé, e ó lombo, co fol.

Ela

Alí estaban dúas mozas, - e tamén o muiñeiro;
e xa quedaban dicindo - ¡Aí vai o carbueiro!

El

En Pol alquilei un faco, - por certo aquí o vedes,
que alí teño un amigo - donde xa parei máis veces.

Ela

O amigo iba cargado de trapos - que o levaba un trapeiro;
limpiache de diante os ollos, - e sin parar hasta Mosteiro.

El

Chegueivos logo a Mosteiro - e ordenei de xantar
alí na casa de José. - ¡Que gran sitio pra parar!

Ela

Foivos certo que alí xantou: - ¡A mochila traina il,
que atopou un año morto - aí para acó de Ramil!

El

Despois montei dacabalo; - por certo que ía ben ledado,
e perdémonos no camiño - aló xunto do Porto de Rielo.

Ela

Salíulle alí unha muller - e pegoulle unha turrada,
que a sentiu aquí en Sarille - ise cesteiro da Graña.

El

Cando cheguei a Sarille - vínvos cousas moi extrañas:
¡As cabras estaban na ouriceira - coméndolles as castañas!

Ela

Eso si que foi verdá. - Unhas tres fanegas de castañas
en menos de dous minutos - coméronlles nove cabras.

El

Tamén os homes de Sarille - úsanvos da súa librtá.
Preguntaban unhos os outros - ¿Iste de onde será?

Ela

Algún deles quedaba dicindo: - Debe de ser un cereiro
que vai dar conferencias - aí a Montecubeiro.

El

En casa do Capitán - queda un home moi formal,
que me puxo no camiño - aquí pro Campo do Val.

Ela

O mesmo me dixo a min: - Colla por aquí carreiro,
que diante de vostede - tamén lle vai un trapeiro.

El

Agora que estou aquí - no medio desta familia,
vóuvos logo desenganar - das tonterías da vida.

Ela

No que vos diga iste home - eu non vos aconsello crer:
¡Se lle enchedes ben a andorga - non marcha aquí nun mes!

El

Has de mirar o que dices - non me veñas ensultando,
que se che brinco nas plumas - déixote tiritando.

Ela

Tomás, eso agora xa pasou. Non seas tan picadiño,
e trai esa bota pra acó, - non sea que verta o viño.

El

Pola bota non hai caso - se te arrimas ó meu lado;
pero eu tamén quería - que me deras un cigarro.

Ela

Dios cho pague compañeiro, - nunca tu perdas as mañas;
toma agora un tabaco - que che é dises de Canarias.

El

Agora que tomei un vaso - e xa me puxen contento,
vamos falar das rapazas - que se está indo o tempo.

Ela

As verdades diste home - non debes desprecialas:
Son verdades coma potes, - que xa o dicen as rapazas.

El

As que cortaron o pelo - véñesevos ben apuradas,
que agora vai de moda - eso das guedellas largas.

Ela

É coma as bestas vellas, - que se lles pon a quina larga;
cando as deixan entre os ollos - logo parecen alouçadas.

El

As que recortaron as sayas - ogano víronas perras;
como estivo o inverno malo, - enfriábenselles as pernas.
Se queredes ter, rapaces, - choios cas mozas solteiras,
habeis tratar de meterlles - o sinal nas faltriqueiras.

Ela

Pra que non se queixen - non lles diremos mais nada;
vamos agora cos mozuelos, - que tamén é boa canalla.
Os de vintecinco para arriba - sonvos peores cas cabras,
que logo se dan unha volta - polas partes reservadas.
Cos que se van a Nova York, - mociñas tede cuidado,
que iste ano na parroquia - fixeron moito destrago.

Ela

Dises de tanta papilla, - mozas, tedes que desconfiar;
se volven pro outro ano - non vos deixedes enganar.

El

Vou deixar estas cousas - que ben contritos estades.
Todo o tempo que me queda - vou pegar cos oficiais.

Ela

Dos oficiais de agora - xa non me quero acordar;
de ben cheos e ben folgados - non queren traballar.

El

O oficio das costureiras - ben vedes que é moi nombrado,
que lles chaman "apañapulgas" - aló desque vén o vrao.
Tamén hai costureiras - que non dan xeito a un xustillo;
empézanse a escostrexar - porque o corpo pídelles marido.

Ela

Non hei de olvidar os xastres, - que algo lles teño que dicir,
que cos retales que rouban - xúntanche para se vestir.

El

De quen é esa canalla - tamén teño eu que contar;
se non lles poñen dous ovos - non queren traballar.

Ela

Os taberneiros de agora - non vos levan bon camiño;
han de sudar no inferno - a auga que botan ó viño.
E despois da moita auga - ¡xa encheran ben a medida!
Aínda ben non chega a espuma - xa dicen que vertía.

El

Os poucos ferreiros que hai - non che son boa canalla,
que cobran un par de pesos - por che facer unha aixada.

Ela

Ises tamén han de pagar - desque vaian pra outra vida,
que co carbón que lles sobre - hanlles quentar a barriga.

El

Dos zoqueiros de hoxe en día - muito traigo que contar;
por unhas zocas de pau podre - once reás che han levar.
e se os chamas pra casa - encóntraste ben jodido,
que che cobran nove reás, - ¡e media cuarta de viño!

Ela

Máis mal vai cos carpinteiros. - ¡Non hai canalla na vida!
Se os traedes para a casa - non merecen a comida.
Se lle encargais na casa, - ¡a madeira vai fendida!,
e despois vides contentos - que cha tapan con masilla.

El

Deixarei os oficiais - que se está marchando o tempo;
solo vos quero explicar - un proieuto do Gobierno.
Agora o Gobierno novo - vésevos ben comprometido
coas vellas de setenta anos, - ¡que lle piden marido!
Berenguer compadecido - prometeulles unha cousa:
¡Xuntar tódalas vellas - un domingo nunha chousa!
E se non quixese aceptar -por ahí algunha patrona,
vaina mandar cos carneiros - este ano pra Zaragoza.

El

Quero que dispenseis - se algún quedase ofendido;
naide se debe extrañar - que estas son cousas do viño.

Ela

E si alguén quedase errado - diste bon predicador,
¡ten dereito a reclamar - ó maestro herrador!

-0-

Sermón das Pontes de Veiga, Pascua do ano 1936

El

Muita salú lles desexo - a toda esta reunión;
i atendan ca boca aberta - para oír ben o sermón.

Ela

Non digas así Tomás, - San Quijote che dé acerto;
has de ser ben faladiño, - que non vimos perder o tempo.

El

Se preguntais de donde somos, - dígovolo sin recelo:
Somos de abaixo de Lugo - do pueblo de Cacabelos.

Ela

Podeislo crer e mais ben, - meu Tomás non vos engaña;
o pobriño é moito bon, - ¡non merece máis que sarna!

El

Cando me foron chamar, - xa pensei que non lles viña,
pois queixábaseme a muller - dun dolor de barriga.

Ela

¿Non sabes por qué cho dixen? - Mais eso non era certo;
foi por vir sempre da cabalo - e tu da pé, moi contento.

El

Ó salir por alí adiante, - esto non vos foi mentira,
o faquete deu en brincar - e tirouna pernas arriba.

Ela

A poñerme eu da cabalo -o faquete xa peidaba,
e Tomás que viña chamando - pensou que me tiraba.

El

Cando pasamos por Lugo - estaba alí un gran señorete;
oímos que era un cacique - dises que hai en Castroverde.
Ainda se atreveu a decirnos, - co seu bigote de mico:
¡Se van pra Montecubeiro - alí téñovos un amigo!

Ela

I eu que quixen ser curiosa, - pregunteille sutilmente:
¿Logo vostede moito daño - lles ten feito a esa xente?
Trampas todas cantas puiden, - pensando que no no entendían,
¡i o víspera das eleucióis - alí foivos unha montería!

El

Hasta alí a Granda da Murín - viñemos andando ben,
pero enfermounos o faco - sin poder saber o que ten.

Ela

Tomás púxose a rexistralo, - que a min facíame rir;
e despois levantándolle o rabo - poñíase a ulir.

El

Acordouse despois Mingas: - Resulte por donde queira,
Tomás, méxalle os fuciños, - que esto parece unha meiga.

Ela

Despois xa te convenciches - que era certo o que eu dicia;
pra poñerse o faco dereito - non houbo mellor medicina.

El

Deseguida puxémonos da cabalo, - eu e mais a tía Mingas,
i o pasar pola Meda - roncábanlle o faco as tripas.

Ela

Vaite garolán de xudas, - e non lle cargues as culpas;
era il mesmo que a cada pouco - viña soltando as plumas.

El

Dician alí dúas mozas: -¡Mirai que rapaz tan guapo.
Quizais olvide aqueloutra; - vamos aló dicirlle algo!"

Ela

Tomás, ti xa non as ves. - ¡San Baco sexa contigo!
¡Dician de correrte a pedras, - se non viñeras connigo!

El

O chegar alí a Carazo, - para invitarnos a xantar,
leáronse dúas vellas, - que ambas nos querían levar.

Ela

¿E ti non sabes por qué reñía - aquela das pernas mouras?
¡Era porque as pitas da veciña - coméranlle as coles todas!

El

Así que non fixemos caso. - Viñemos logo hasta Suegos
i en casa de Lavandeira - comemos muito ben e bebemos.

Ela

Despois, cando lle pagaches, - díxonos con nmoita gracia:
"¡A carne era da morralla, - éillela dar mais barata!"

El

Viñamos da cabalo - os dous, con muita alegría,
e aí enfrente da Valiña, - a egua tirou ca cría.

...

El

O subir por alí arriba - o faquete xa se cansaba;
hasta volveu a soltar aire - e a Mingas se asustaba.

Ela

O Tomás díxome a min: - Aquí hai que ter pacencia.
Tu tíralle do ramal - i eu por tras eille dar cuerda.

El

Agora fomos chegando. - Por certo que vimos contentos:
Vamos falar de moitas cousas, - e tamén dos casamentos.

Ela

Iste ano evos moi pequeno, - dicen agora os rapaces;
¡calquera che trai muller, - que para comer somos bastantes!
Dicían aí abaixo unhas viudas, - falando do marido:
"Anque el era algo roñón - de noite quitaba o frío".
Eu por min o reconozo, que dicen a verdá pura;
e despois, que tamén fan - as veces a lebre escura.

El

Casádevos rapaciños; - teide das mozas compasión;
escollei desas trintenás, - que xa lles pasa a sazón.

Ela

A vista de tanta xente - non has de ser desenfrenado,
cas pobres dalles vergonza. - ¡Xa se casarán pro ano!

El

Xa se me acaba a pacencia. - Deixemos estas cousiñas,
que hai que botarlle un cigarro, - e ti descansa, Mingas.

Ela

Se non perdes ese vicio, - has de empeñar hastra as medias.
Todo o día fumando, - ¡que te fumen sete centellas!

El

Mingas, déixame fumar; - non empeces cas de sempre-
Ben sabes que é unha vergonza - reñer á vista da xente.

Ela

Mentras que tu fumas, logo, - nai que perder ocasións:
teño prisa dista estopa - pra mendar os meus calzós.

El

Agora que vou contento - tamén lles hei de contar
cousas das rapazas daquí - que non se poden calar.

Ela

Se segues falando mal das rapazas - éiche de proba-lo lombo,
i esta noite has dormir solo. - ¡Hache de salir caro o conto!

El

Todas elas dicen de marcharse - i arrenegan desta terra:
¡Non se marchaba a primeira - se houbese quen as quixera!

Ela

Vaite trangallán de Xudas - pois para ti sempre houbo poucas;
se non te quere Minguíñas - ti quedabas regañando as moas.

El

Pro goberno dunha casa - poucas hai que valian nada:
¡un fato de folgazanas, - non valen mais que pra cama!

Ela

Aunque o fagan elas todo - nin Xudas os ten contentos.
Iles marchan pra taberna - a botar copas e netos.

El

A culpa téñena as vellas - das fillas ser folgazanas:
¡salen elas o traballo - e deixan na casa as rapazas!

Ela

Se as veces quedan na casa, - non che quedan por folgar;
quedan dando unha puntada - e así de paso fan o xantar.

El

Desde cos amos se marchan - póñense a facer monadas
para ver se engañan os mozos - estando limpas e guapas.

Ela

O que tes ti é envidia; - sei eu moi ben por que falas:
Se a ti te chamaran elas - leve o demo si palabra dabas.

El

As da fangueliña corta, - e mais da media calada,
refrescóuselles o corpiño - iste inverno ca xeadada.

Ela

Se sigues falando mal - eu vouche tomar outra guía;
non son tempos pasados: - ¡divórciocheme enseguida!

El

Divórciate cando queiras, - que por eso estou contento,
que xa lle botei o ollo - a unha monxa do convento.

Ela

Desde tal Ley se aprobou, - se quixera estar casada,
nono digo por chufar, - eu funche ben solicitada.

El

Deixemos logo estas cousiñas, - e falemos dos rapaces,
que eu a ti queroche moito, Minguíñas non te enfades.

Ela

Dises rapazolos de agora, - ¡ca risa fanme mexar!,
desde teñen quince anos - xa falan de se casar.
E se algún distes maiores - algunha vez os reprende,
empézanseche a algarufar, e xa se teñen por xente.
Dises que son perros vellos - non vos deixedes enganar
porque eles sábenche moi ben - a agulla de marear.

El

Deixaremos os mozuelos, - que temos que irnos axiña;
falemos dos oficiais - pois non son de boa familia.

Ela

A calquera abren os ollos - hoxe en día os oficiais;
¡polo xornal que cepillan, - i o trato que hai que darlles!

El

O oficio das costureiras, - non pensedes que é unha broma,
o caldo failles queimuras, - e hai que darlles cousa boa.

Ela

O non comeren o caldo, non hai que estrañarse nada,
porque fai moita barriga, - ¡i a xente logo che fala!

El

Os xastriños doxe en día - van polo mesmo camiño;
e se non lles dan cousa boa - tamén torcen o fuciño.
Facendo que cantaruxan - i arrimados as ventanas,
así van botando o día, - atusmándolles ás rapazas.

Ela

Os zapateiros de agora - évos familia da calma:
¡Non fan unhos zapatos - que non collan a auga!
E se lles levais a arreglar - por aí algún calzado,
para que fagais outros novos - dicen que non teñen amaño.

El

Se queredes moitas trampas - ide a xunto dos zoqueiros,
que mendan iles mais zocas - que potes os zarralleiros.

Ela

As das trampas i enteirizas - márchanas vender á feira,
e dícenlles logo ós paisanos - que son do pé da bidueira.

El

Os carpinteiros dagora - tampouco é xente legal;
non merecen a comida - para canto máis o xornal.

Ela

Vai calquera a xunto diles - séntanse a facer cigarros;
¡o xornal córrenos o mesmo, - para que vamos apurarnos!

.../...